

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO**  
**DE 4 DE DECEMBRO DE 2023**

**1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.** Referencia: **2023/00051328L.**

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas das sesións do 6, 13, 14 e 20 de novembro.

**2. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2022/00042298D.**

Proxecto básico para a construción 8 vivendas familiares adosadas SUNP31 S Marcos rúa Paulo Coelho, parcela 17B.

Outórgase licenza para a construción de 8 vivendas familiares acaroadas na parcela 17 do SUNP31-San Marcos. Rúa Paulo Coelho: concédese licenza para a memoria urbanística (modificada) e o proxecto básico (modificado) redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira presentado o 22/11/2022 e o 28/03/2023 e a documentación presentada o 15 e 16/11/2023, cun orzamento de execución material de 775.136,00 €.

**3. LICENZAS DE APERTURA.** Referencia: **2023/00027982H.**

Licenza de obra nova para restaurante na RUA CASTELA E LEÓN, 19

Outórgase licenza para a construción dunha nave comercial de planta baixa destinada a restaurante: concédese licenza de obra nova para construción de edificación destinada a restaurante na RÚA DE CASTELA E LEÓN, 19, con referencia catastral 0303535NH4500C0000GA, Parcela M1a02i, do Polígono da Sionlla, segundo Proxecto básico e de execución redactado polo enxeñeiro técnico industrial Manuel René García Rodríguez, co visado colexial de data 05/06/2023 e anexos de data 30/08/2023 e 16/10/2023, cun orzamento de execución material de 818.255,75 €, baixo a dirección de obra do proxectista.

As actuacións consistirán na construción de nave comercial de planta baixa, cunha ocupación en planta de 301,77 m<sup>2</sup>, e altura de 5,50 metros, para restaurante de comida rápida (número identificativo III.2.5.1 do anexo do Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 124/2019, de cinco de setembro). Ten unha superficie destinada a terraza de 115 m<sup>2</sup>. A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa Ordenanza 1 de Edificación acaroadada Variante 1A do Proxecto sectorial da Sionlla.

**4. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00010346T.**

Aceptar a cesión de viario e conceder licenza para a construción de dúas vivendas familiares illadas no LG da Pena 4A e 4B, Hortas.

Acéptase a cesión de solo para a ampliación da vía pública e outórgase licenza para a construción de dúas vivendas unifamiliares illadas: concédese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico presentado o 27/02/2023 e o de execución de data de visado do 28/08/2023 redactados polos arquitectos D<sup>o</sup> Adrián Martín Prieto e D<sup>a</sup> Elena Sarmiento Díez, e a documentación presentada por Rexistro do Concello en data Visado 07.11.2023 cun orzamento de execución material de 462.107,49 €, a construción de 2 vivendas unifamiliares illadas nas parcelas sitas no Lg da Pena 4A e 4B Hortas, Santiago de Compostela (A Coruña).

**5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00001744R.**

Licenza para a rehabilitación de vivenda familiar en LG Piñeiro,66.  
Outórgase licenza para rehabilitar unha vivenda existente sen incrementar o seu volume: concédese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela de data de visado do 14/12/2022 e a documentación presentada na data 20/10/2023, cun orzamento de execución material de 75.000,00 €, a rehabilitación de vivenda unifamiliar sita no Lg de Piñeiro, 66 Santiago de Compostela ( A Coruña).

**6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00019926Q.**

Licenza para a construción de marquesiña na rúa do País Vasco, 63.  
Outórgase licenza para construír unha marquesiña de 217 m2 que cubrirá os surtidores de combustible da estación de servizo situada nese enderezo: concédese licenza de obras para a construción de marquesiña RUA DO PAÍS VASCO, 63, parcela Cec01h do polígono da Sionlla, con referencia catastral 1410903NH4511A0000PF segundo Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Ángel Manuel González Pinto co visado colexial de data 11.04.2022, cun orzamento de execución material de 35.588,19 €. As actuacións consistirán construción dunha marquesiña cunha ocupación de 217 m2 e altura máxima de 5,30 metros.  
A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 3 de edificación semiadosada. Variante 3C do Proxecto sectorial da Sionlla.

**7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00012255T.**

Licenza de obras de demolición de edificación sita na rúa García Blanco, 2.  
Outórgase licenza para demoler unha nave de planta baixa existente no enderezo: concédese licenza de OBRAS DE DEMOLICIÓN de edificación sita na RÚA GARCÍA BLANCO, 2, con referencia catastral 7474419NH3477C0001WR ,segundo Proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico Jorge Devesa Pérez- Bovillo, co visado colexial de data 24/02/2023, cun orzamento de execución material de 2.529,74 €, baixo a dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde do proxectista.  
As actuacións consistirán na demolición de nave existente para posterior edificación que se presentará con posterioridade  
A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 2 de cuarteirón do PXOM.

**8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00015087A.**

Rehabilitación e ampliación de vivenda en LG O Sisto Marrozos.  
Outórgase licenza para rehabilitar e ampliar a vivenda situada no enderezo: concédese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jorge Vales Fernandez de data de visado do 20/03/2023 e a documentación presentada na data 08/11 e 13/09/2023, cun orzamento de execución material de 151.260,50€, a rehabilitación e ampliación de vivenda sita no Lg O Sisto Marrozos, Santiago de Compostela ( A Coruña).

**9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00029169D.**

Execución muro de contención na parcela sita Lg Granxa de San Lázaro, 32.  
Outórgase licenza para construír un muro de contención na parcela do enderezo, co

fin de ampliar a explanada na que se asenta unha vivenda: concédese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Alfredo Amigo Santasmarinas presentado na data 29/06/2023, e a documentación técnica presentada o 19/08/2023 ( planos 08 e 09 asinados polo arquitecto Eugenio Torreiras Pais), cun orzamento de execución material de 2.940,00€, a execución dun muro de contención na parcela sita no Lg Granxa San Lazaro 32 Santiago de Compostela ( A Coruña).

**10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00010012B.**

Adxudicación do contrato da Subministración dunha rede de comunicacións dixitais para a operativa da policía local e protección civil do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por cumprir cos requisitos exixidos nos pregos, o contrato que ten por obxecto a Subministración dunha rede de comunicacións dixitais para a operativa da policía local e protección civil do Concello de Santiago de Compostela a NORTCONSULTING SOLUCIONES SL, con NIF B87449872, que presenta unha proposición económica de 390.950,73 € (base impositiva de 323.099,78 € máis IVE do 21% de 67.850,95 €).

Desígnase como responsable do contrato ao Xefe do Servizo de Informática.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 390.950,73 €.

O contrato ten por obxecto a subministración de equipos de radio dixital para as comunicacións operativas da Policía Local e Protección Civil.

O prazo para completar a subministración é de 6 meses.

**11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00048284B.**

Aprobación do expediente de contratación “Contrato baseado nun acordo marco para a contratación das pólizas de seguro de accidentes correspondente o colectivo dos voluntarios de Protección Civil do Concello de Santiago de Compostela a través da Central de Contratación FEMP”

Apróbase o expediente de contratación para contratar unha póliza de seguro de accidentes para o persoal de Protección Civil baseado no Acordo Marco da FEMP.

O orzamento de licitación é de 2.221,71 € (está exente de IVE).

O adxudicatario do Acordo Marco da FEMP é MARKEL INSURANCE, SA.

**12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00037172P.**

Aprobación do expediente de contratación do contrato mixto de Subministración e servizo de backup e ciber-resilencia na modalidade IAS

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de licitación do contrato mixto da Subministración e do servizo de backup e ciber-resilencia na modalidade IAS, cun orzamento base de licitación de 181.845,98 € (base impositiva de 150.285,93 € máis IVE do 21% de 31.560,05 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar un gasto por importe de 181.845,98 €, que se imputa á aplicación orzamentaria 030 92001 2060000, coa seguinte desagregación por anualidades:

**ANUALIDADE IMPORTE**

2024: 83.346,07 €

2025: 90.922,99 €

2026: 7.576,92 €

TOTAL: 181.845,98 €

O obxecto do contrato é a subministración do equipamento e a prestación dos servizos necesarios para conservar (copia de seguridade) os datos informáticos dos sistemas do Concello.

**13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00025647Y.**

Autorización de recepción das "Obras de execución do proxecto de "Pavimentación do lugar de Coira (Laraño)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 - 1ª fase da Deputación Provincial da Coruña |

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar o inicio de trámites para a recepción das Obras de execución do proxecto de "Pavimentación do lugar de Coira (Laraño)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 - 1ª fase da Deputación Provincial da Coruña.

Segundo.- Nomear representante da administración ao técnico municipal supervisor das obras de referencia, que unha vez autorizado o acto de recepción, deberá comunicarlle á Intervención Municipal o lugar e a hora do dito acto para os efectos da súa asistencia.

As obras consistiron na substitución do pavimento deteriorado de asfalto por outro de formigón e na instalación dunha sistema de drenaxe.

**14. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2023/00038573Y.**

Aprobación da recepción das obras "Acondicionamento de espazos para miradoiros no Monte Pedroso en Santiago de Compostela" (EDUSI SANTIAGO) cofinanciado polo FEDER |

Acórdase autorizar ao supervisor municipal do contrato Gregorio López Albardonedo, encargado- xefe de Parques e Xardíns, para proceder á extensión formal da acta de recepción definitiva das obras de acondicionamento de espazos para miradoiros no Monte Pedroso en Santiago de Compostela (EDUSI SANTIAGO) cofinanciado polo FEDER adxudicadas á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA, cun orzamento de adxudicación de 149.228,62 euros (21% IVE engadido) asinando o contrato de obras o 17/10/2023.

**15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00043084D.**

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, AQUAGEST, S.A., (agora VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU,), para responder do contrato de "Execución das obras de ampliación da rede de abastecemento de auga en Reibó (Laraño)". Expte.- 92/10. |

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, AQUAGEST, S.A., (agora VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU,), por importe de 3.499,95 euros para responder do contrato de "Execución das obras de ampliación da rede de abastecemento de auga en Reibó (Laraño)".

**16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00043068Q.**

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, AQUAGEST, S.A., (agora VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU,), para responder do contrato de "Execución das obras de construción da rede de saneamento no Refuxio de animais de Bando (FEESL 2010)". Expte.- 76/10. |

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, AQUAGEST, S.A., (agora VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU,), por importe de 3.985 euros para responder do contrato de “Execución das obras de construción da rede de saneamento no Refuxio de animais de Bando (FEESL 2010)”.

**17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00043053R.**

Autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, AQUAGEST, S.A., (agora VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU,), - para responder do contrato de “Execución das obras de reurbanización dun tramo da Av. Vilagarcía – García Prieto – Sánchez Freire (FIL II 2009)”. Expte.- 38/09.

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa AQUAGEST, S.A., (agora VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU), por importe de 64.655,17 euros para responder do contrato de “Execución das obras de reurbanización dun tramo da Av. Vilagarcía – García Prieto – Sánchez Freire (FIL II 2009)”.

**18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047869H.**

Prorroga Do contrato de aluguer do local nº 10 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Rexistro Xeral), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024 e revisión do IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 10 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Rexistro Xeral), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

A renda definitiva para o ano 2024 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2023.

Para o mes de xaneiro de 2024 satisfacerase a renda actual por importe mensual de: 750,48 € mais IVE (total: 908,08 €).

Segundo.- O gasto por importe de 10.896,96 € irá con cargo á partida do orzamento municipal nº nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E CONSTRUC, reservándose as cantidades seguintes en función das diferentes anualidades e quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercizo.

Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 31/12/2024): 10.896,96 euros.

Publicado o IPC de decembro de 2023 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2024, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal

**19. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2021/00032770F.**

Aprobación proxecto construtivo “Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro” revisado segundo informe de supervisión da Deputación da Coruña

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de novembro de 2023, asinado con data 29/11/2023, da obra de “Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro”, redactado polo arquitecto D. Baltasar Otero Gómez, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 66.105,29 euros + 13.882,11 euros de IVE = 79.987,40 euros.

- Prazo de execución: 3 meses.

- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2021.

**20. ÁREA IX.- MEDIO RURAL.** Referencia: **2023/00006434E.**

Validación do proxecto construtivo “Pavimentación do lugar de Vilamaior (Sabugueira)” revisado segundo informe de supervisión da Deputación da Coruña e condicións autorización sectoriais

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 27/11/2023 da obra “Pavimentación do lugar de Vilamaior (Sabugueira)”, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Antonio José Durán Maciñeira, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 323.527,86 euros + 67.940,85 euros de IVE = 391.468,71 euros.
- Prazo de execución: 3 meses.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2023

**21. SERVIZOS BÁSICOS.** Referencia: **2023/00050690W.**

Validación a omisión función interventora e recoñecemento da obriga. Factura F/2023/4015 Xullo 2023 Ferrovial construción SA Canon 2023

Valídase a omisión da función interventora e apróbanse as facturas de FERROVIAL, SA cun importe de 60.23,89 € en concepto de prestación dos servizos de mantemento do alumeadado público do concello.

**22. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ.** Referencia: **2023/00050755K.**

Convalidación da omisión da función interventora e autorización, disposición e recoñecemento da obriga xunto coa liquidación dos gastos por importe de 62.923,03€ a Aceinsa. Xullo de 2023.

Valídase a omisión da función interventora e apróbase unha factura de ACEINSA, SA cun importe de 62.923,03 € en concepto de prestación do servizo de conservación, mantemento e reposición da sinalización viaria.

**23. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.** Referencia: **Validación omisión función interventora F/2023/2578.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por “Neumáticos Pájaro, SL.” en concepto de subministración de pneumáticos para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela. Segunda quincena do mes de abril do ano 2023

Valídase a omisión da función interventora e apróbase unha factura de NEUMÁTICOS PÁJARO, SL cun importe de 33,88 € en concepto de recambios para os vehículos municipais.

**24. SERVIZOS SOCIAIS.** Referencia: **2023/00049198M.**

Validación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostela Solidaria para o desenvolvemento do proxecto educativo para persoas adultas: “Escola de Segunda Oportunidade. Curso 2023-2024”

Apróbase o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostela Solidaria para o desenvolvemento do proxecto educativo para persoas adultas: “Escola de Segunda Oportunidade. Curso 2023-2024”

A aplicación e execución deste Acordo, incluíndo ao efecto todos os actos xurídicos que puidesen ditarse na súa execución e desenvolvemento, non suporá, en ningún caso, obrigas económicas para o Concello de Santiago de Compostela e, en todo caso, deberán ser atendidas cos seus medios persoais e materiais

**25. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN.** Referencia: **2023/00019251G.**

|Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a asociación para a promoción social e inserción laboral Plataforma Polo Emprego |

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación do convenio coa Asociación para a promoción social e a inserción laboral Plataforma polo Emprego. O gasto irá con cargo á partida orzamentaria 020 23103 4800002, por importe de 12.000,00€.

Segundo: Trasladar este acordo ao departamento de Servizos Económicos, para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 020 23103 4800002 dos orzamentos municipais de 2023.

Terceiro: Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

**26. IGUALDADE-MULLER.** Referencia: **2023/00019337K.**

|Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o para o financiamento do “Actividades dirixidas á formación, difusión e sensibilización en materia de igualdade de xénero”. Ano 2023. |

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o día 8 de agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o para o financiamento do “Actividades dirixidas á formación, difusión e sensibilización en materia de igualdade de xénero”, ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de dez mil novecentos noventa e nove euros euros con noventa e oito céntimos de euro (10.999,98 €), sendo a subvención de once mil euros (11.000,00 €) segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

**27. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE.** Referencia: **2023/00048438G.**

|Aprobación da convocatoria do concurso de Decoración de Nadal veciñal do Concello de Santiago de Compostela 2023. |

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a convocatoria do concurso de Decoración de Nadal veciñal do Concello de Santiago de Compostela 2023 en réxime de concorrencia competitiva e de tramitación anticipada do gasto por importe de 2.000 euros.

Segundo. A concesión destes premios estará suxeita á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente no exercicio 2024.

Terceiro. Publicar as bases do concurso no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

O prazo de presentación de solicitudes comprende desde a publicación da convocatoria no BOP ata o 19 de decembro de 2023.

**28. IGUALDADE-MULLER.** Referencia: **2023/00050143F.**

|Aprobación do Protocolo para a abordaxe das Violencias Sexuais e LGTBfóbicas en Espazos de Ocio Nocturno do Concello de Santiago de Compostela |

Apróbase o texto do Protocolo para a abordaxe das Violencias Sexuais e LGTBIfóbicas en Espazos de Ocio Nocturno do Concello de Santiago co obxectivo de poñer a disposición das persoas responsables e traballadoras dos espazos de ocio nocturno unha ferramenta de apoio, así como diferentes estratexias e recursos, para a prevención de situación de violencia sexual e/ou LGTBIfóbica e, de ser o caso, para a súa detección, atención e actuación de forma coordinada e unificada.

**29. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2023/00051227X.**

[Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 55/2022 CA1. ]

Tómase coñecemento da sentenza, desfavorable ao Concello pois estima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por ALLIANZ e condena ao Concello ao pago de 980,81 € por danos a un vehículo.

**30. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2022/00036882K.**

[Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 262/2022 CA1. ]

Tómase coñecemento da sentenza, parcialmente favorable ao Concello pois aínda que estima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por ZURICH polos danos causados a un vehículo, desestima a reclamación que tamén fai o propietario do vehículo. Condénase ao Concello ao pago de 440,17 euros.

**31. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2023/00048420D.**

[Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 292/2022 CA2 ]

Tómase coñecemento da sentenza, parcialmente favorable ao Concello pois aínda que rexeita o recurso presentado por LIBERTY contra a reclamación que lle facía o Concello polos danos causados por un vehículo asegurado por esa compañía a un bolardo, rebaixa a contía do que debe abonar a aseguradora de 4.516,96 € a 650,00 €.

**32. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2023/00050956S.**

[Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 176/2022 CA4- A Coruña. ]

Tómase coñecemento da sentenza, desfavorable ao Concello pois estima o recurso presentado contra a imposición dunha multa de 1.800 € por non identificar ao condutor dun vehículo que cometera unha infracción. A sanción anulouse por non notificar ao interesado no seu domicilio correcto.

**33. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2023/00050462G.**

[Tomar coñecemento da resolución recaída no PO 395/2022 CA2 ]

Tómase coñecemento da resolución, favorable ao concello pois ordena o arquivo, por desistencia da recorrente, do recurso presentado contra a declaración de ilegal e ilegalizable dunha VUT.

**34. ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00051328L.**

[Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas. ]

Tómase coñecemento.

## URXENCIAS

### 1) Validación da omisión da función interventora e aprobación de facturas en concepto de mantemento de fotocopiadoras.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.



Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITO MIL QUINIENTOS TRINTA E UN EUROS CON CINCOENTA E NOVE CÉNTIMOS (8.531,59 €) segundo relación contable de facturas S/2023/336 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2023/4498 por importe de 630,62 euros emitida por Arenas Ramírez, Francisco e remata pola número F/2023/5248 por importe de 104,76 euros, emitida pola empresa Solitium.

## **2) Validación da omisión da función interventora e aprobación de facturas en concepto de limpeza de CEIP.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO SETENTA E TRES MIL CINCOCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON DOUS CÉNTIMOS DE EURO (173.583,02 €).

## **3) Autorizar a sinatura dunha addenda ao Plan de Sustentabilidade Turística.**

Apróbase a autorización para a subscripción da adenda de prórroga e modificación do Convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela, para a execución do Plan de Sostibilidade Turística na cidade de Santiago de Compostela.

## **4) Tomar coñecemento da sinatura do convenio con Abanca para a distribución dos Bonos Corazón.**

Acórdase:

Primeiro: Tomar razón da sinatura do convenio e da adenda ao dito convenio, entre o Concello de Santiago de Compostela e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela, a través dos bonos Corazón Compostela 2023.

Segundo: Comprometer o gasto, por importe de 25.252,10 euros, con cargo á aplicación 010 43100 2269900, a favor de Abanca Corporación Bancaria S.A pola súa consideración de entidade colaboradora designada para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago, a través dos bonos Corazón Compostela 2023.